



# INFORMA

Desde SPJ USO GALICIA, en representación das funcionarias e funcionarios da Administración de Xustiza, remitimos este escrito para expresar **a nosa profunda preocupación e desconformidade ante a sistemática e prolongada falta de publicación de prazas tanto en Comisión como en Substitución así como o anecdótico nomeamento de persoal interino que se está a producir dende o mes de setembro.**

A redución ou paralización no nomeamento tanto de persoal temporal como en comisións e substitución, lonxe de supoñer un aforro ( que para a Administración parece que é o único parámetro importante nestes meses finais do ano), está a provocar un deterioro inaceptable nas condicións laborais do persoal e na calidade do servizo público que se presta. Chegáronnos noticias de que no mes de setembro había o redor **de 70 solicitudes pendentes de persoal interino sen nomear, o que sen dúbida é unha cantidade insostible para o bo funcionamento de calquera organismo.**

Esta situación provoca **SATURACIÓN E SOBRECARGA NO TRABALLO.** Os xulgados despois do parón vacacional xa sofren, con carácter xeral, unha situación de certo colapso. A ausencia de cobertura dos postos, en moitos casos durante meses, xera unha presión laboral desmedida sobre o persoal xa existente, que se ve obrigado a asumir as tarefas dos seus compañeiros ausentes ou non cubertos.

Tamén **RISCOS PARA A SAUDE LABORAL.** Dado que a sobrecarga crónica incrementa os niveis de estrés e ansiedade nos empregados públicos, impactando directamente no seu benestar físico e psicolóxico. Alertamos do potencial incumprimento **da normativa de prevención de riscos laborais así como o aumento das baixas laborais.**

O **DETERIORO NO SERVIZO PUBLICO PRESTADO.** A limitación de recursos humanos afecta a eficiencia e a calidade da atención que a cidadanía recibe. A paralización ou atraso na tramitación de expedientes, a redución dos servizos esenciais ou a mala praxe derivada do exceso de traballo son consecuencias directas que prexudican á toda a sociedade.

E por último **a INEFICIENCIA NA XESTIÓN:** A constante rotación de tarefas e a necesidade de priorizar o urxente sobre o importante crean un círculo vicioso de ineficiencia que, a longo prazo, resulta máis custoso que a adecuada dotación de persoal.

A Xunta de Galicia ten a obriga de prover os medios persoais e materiais á Administración de Xustiza derivado do mandato recibido do Estatuto de Autonomía de Galicia e dos Reais Decretos de transferencia de funcións que formalizaron a asunción das devanditas competencias por parte da Comunidade Autónoma ( Real Decreto 2397/1996, do 22 de novembro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de

SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO.

**A CORUÑA:** Roberto 617685531 - Belén 622216341

**LUGO:** Rodrigo 605739886

**VIGO:** Julio 600292730 - Yoli 655770994 - Sol 687939335

SINDICATO MAIORITARIO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.

**FERROL:** Manu 678514555

**SANTIAGO:** Manuel Tejada 654737422

**OURENSE:** Fran 660450226 - Alberto 657124727

**PONTEVEDRA:** Nito 615496257

Mail [spjusogalicia@gmail.com](mailto:spjusogalicia@gmail.com)

Blogue <http://spjusogalicia.com>



# INFORMA

Galicia, en materia de medios persoais ao servizo da Administración de Xustiza así como o Real Decreto 233/1998, de 16 de febreiro)

Queremos recordarlle a Dirección Xeral de Xustiza que está incumprindo dita normativa e que toda esta situación crea un caldo de cultivo perfecto para que a **implementación da Lei de eficiencia organizativa na Comunidade Galicia este abocada a un maior fracaso dado que o propio caos que producira a posta en marcha de esta lei vai vir unida a unha falta de persoal clara dende un principio.**

Por todo o exposto, esta representación sindical esixe á Administración a adopción de medidas urxentes e inmediatas para reverter esta situación:

- Publicación das prazas que correspondan en Comisión ou Substitución.
- Nomeamento inmediato de Interinos sobre todo nas prazas que están pendentes dende fai meses, que sabemos que non son poucas.

Esperamos unha resposta rápida e dilixente a presente queixa dado que consideramos, pola súa repercusión, un asunto prioritario.

Sen outro particular,

Atentamente,

SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO.

**A CORUÑA:** Roberto 617685531 - Belén 622216341

**LUGO:** Rodrigo 605739886

**VIGO:** Julio 600292730 - Yoli 655770994 - Sol 687939335

SINDICATO MAIORITARIO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.

**FERROL:** Manu 678514555

**SANTIAGO:** Manuel Tejada 654737422

**OURENSE:** Fran 660450226 - Alberto 657124727

**PONTEVEDRA:** Nito 615496257

Mail [spjusogalicia@gmail.com](mailto:spjusogalicia@gmail.com)

Blogue <http://spjusogalicia.com>